



Concello do Porriño

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO PORRIÑO-ACIPOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE "CENTRO COMERCIAL ABERTO-MOREA" PARA O ANO 2022.

Expte. 2258/2022

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76.907.670-V na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Dna. **Juana Pérez Rodríguez**, con D.N.I. 35.550.399-N en calidade de presidenta da Asociación de Comerciantes do Porriño con C.I.F. G-36.212.298 según consta en acta da Asamblea Xeral Ordinaria celebrada o 23 de abril de 2018, e actuando no seu nome e representación.

Os comparecentes , no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio e

MANIFESTAN:

Primeiro: Que as dúas entidades son conscientes do papel aglutinador dos intereses do pequeno comercio da vila. A tal efecto, ACIPOR realizou un estudo coa colaboración do Concello no ano 2005, que trataba de analizar a viabilidade dun **Centro Comercial Aberto** na área urbana para promover a revitalización do espazo comercial tradicional, de servizos e ocio e tendo como obxectivo principal a reconversión das áreas comerciais tradicionais e modernización do sector cun novo modelo de xestión. ACIPOR á vista das conclusións obtidas do estudo realizado, optou pola implantación do Centro Comercial na vila do Porriño.

Segundo: Que o Concello ten atribuídas competencias nesta materia, de conformidade co disposto no artigo 25.2.i) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladoras das Bases de Réxime Local, logo



Concello do Porriño

da nova redacción dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalidade e Sostenibilidade da Administración Local.

Terceiro: Por todo isto e dado o interese das partes asinantes, a fin de acadar unha maior eficacia na execución de actuacións para o funcionamento do Comercio Aberto do Porriño "MOREA" é polo que asinan o presente Convenio de colaboración e acordan o seguinte,

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto e vixencia do convenio.-

a) Obxecto:

De conformidade co art. 25.2.i) da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, entre as competencias do Concello están as de Feiras, Abastos, Mercados, lonxas e comercio ambulante.

Polo que, concello e asociación pretender xuntar esforzos para levar a cabo o presente convenio e así lograr o desenvolvemento positivo do proxecto exposto, respectando a normativa vixente.

b) Vixencia:

As accións promovidas derivadas do desenvolvemento do Centro Comercial Aberto, deberán desenvolverse ao longo do actual exercicio orzamentario 2022, sen lugar a prórroga, establecéndose como data límite para a presentación da conta xustificativa o día 9 de decembro, polo que as facturas e demais acreditación que integren esta conta deberán estar emitidas durante o presente ano 2022.

TÍTULO II

BENEFICIARIO.- DEREITOS E OBRIGAS.

ARTIGO 2. Dereitos e Obrigas do beneficiario.

A asociación terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da



Concello do Porriño

actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licencias, etc.).

Son obrigas do beneficiario:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberá renunciar a ela de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
3. Cumprir todas as condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
4. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando canta información que sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
5. Dar conta ó Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
6. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
7. Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os



Concello do Porriño

documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

9. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
10. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
11. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achan ao corrente das súas obrigas Tributarias.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN PARTICULARES.

ARTIGO 3. Relacións laborais.

A asociación será responsable da relación laboral do persoal que contrate para a realización do proxecto. Así mesmo, deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal da Asociación, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle ao beneficiario , si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

ARTIGO 4. Difusión do acordo.

A asociación fará constar do xeito máis amplío posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis, edicións ou calquera medio de difusión o acordo con esta institución.

ARTIGO 5. Seguros civís .



Concello do Porriño

A asociación queda na obriga, de ser necesario, de ter os seguros civís que esixa a normativa vixente. O concello poderá, si así o estima oportuno, facer as comprobacións pertinentes a este respecto e solicitar copia de ditos documentos.

TÍTULO IV

GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO.

ARTIGO 6. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido no presente convenio. Para elo, a xustificación presentada pola asociación corresponderáse con facturas derivadas do desenvolvemento do proxecto subvencionado, en consoancia co orzamento de gastos presentado.

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros debedores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

Segundo o establecido no art. 31.2 de la Lei Xeral de Subvencións, se considerará **gasto realizado o que fose efectivamente pagado** con anterioridade ao remate do período de xustificación.

ARTIGO 7.- Importe e imputación orzamentaria.

O Concello comprométese a conceder directamente á Asociación Acipor unha subvención por importe de **SEIS MIL**



Concello do Porriño

EUROS (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria nominativa 4312.4800000 do vixente orzamento municipal.

ARTIGO 8. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da **conta xustificativa**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquer outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será a do día **9 de decembro de 2022. Non obstante, poderá ser presentada en calquera momento, unha vez rematada a actividade obxecto de subvención.**

A conta xustificativa estará formada pola seguinte documentación:

A) Memoria de actuacións: Resumo das actividades realizadas na finalidade establecida no presente convenio, custe de cada unha delas, resultados obtidos e, en xeral, toda aquela información considerada relevante para acreditar o cumprimento das estipulacións deste documento.

B) Memoria económica:

1. Escrito de presentación da conta xustificativa e relación exhaustiva das facturas que se acompañan, detallando, proveedor, nº de factura, data, concepto e importe con suma total final.
2. Documentación acreditativa do pago efectivo de cada unha das facturas aportadas na conta xustificativa.

Contido das facturas. O contido das facturas se axustará ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número, e no seu caso serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.



Concello do Porriño

- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española o, no seu caso, pola de outro estado membro da Unión Europea del que ha realizado la operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do Imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Documentación acreditativa do pago:

Consistirá na aportación, xunto con cada factura, de copia do documento bancario acreditativo do pago. Non se admitirán pagos en efectivo, nin se admitirán os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen dos códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria.

3. Presentaranse certificados actualizados da inexistencia de débedas tributarias con facenda estatal, seguridade social e consellería de economía e facenda. (Estes certificados teñen unha validez de seis meses).

4.- Deberá achegarse escrito no que se reflicte que ditas facturas non foron entregadas en ningún organismo oficial de cara a obtención de novas subvencións e que as mesmas somente foron entregadas no Concello do Porriño.

5.- Deberá achegarse copia de toda a publicidade xerada na que conste o patrocinio do Concello no desenvolvemento da acción obxecto de subvención.



Concello do Porriño

6.- Incluirase no expediente certificación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma finalidade.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos.

ARTIGO 9. Pago.

Antes de proceder ao pagamento da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar mediante declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- a) Á sinatura do convenio realizarase un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado que supón a cantidade de 4.800 euros, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Esta porcentaxe está dentro dos límites que establecen para esta modalidade de pagos nas bases de execución municipal.

Este pago anticipado efectuado sobre o importe total subvencionado, abonarase a petición da asociación, mediante solicitude presentada no Concello e a que se achegará a unha declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias sinaladas no artigo 34 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Non se establece ningún réxime de garantías respecto a este pago a conta.

- b) O importe restante de 1.200,00 euros (20%) abonarase unha vez presentada por parte da asociación a conta xustificativa comprensiva da totalidade do importe subvencionado, fiscalizada polo servizo de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.



Concello do Porriño

TÍTULO V

COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

ARTIGO 10.- Comisión Mixta.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes da Asociación beneficiaria da subvención e dous representantes municipais, actuando como presidente da mesma o concelleiro-delegado da área. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran plantexarse durante o desenvolvemento do convenio

TÍTULO VI

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

ARTIGO 11. Reintegro.

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 da Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ó procedemento establecido no artigo 42 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da Lei.

TÍTULO VII

INFRACCIÓN E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR



Concello do Porriño

ARTIGO 12. Infraccións e Sancións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

No caso de incumprimento por parte da asociación dos artigos deste convenio, ben por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro da cantidade a conta recibida.

Asdo.: Juana Pérez Rodríguez

**asinado dixitalmente á marxe
polo alcalde-presidente**

Presidenta.